

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 15/01/2015 09:47:05

SAÍDA 3106 / RX 33481



CARMELO PEREZ CABREJAS

████████████████████
36650 CALDAS DE REIS
PONTEVEDRA

Asunto: Notificación da inscrición no Rexistro oficial de produtores e operadores no sector de asesoramento fitosanitario.

Expediente: 36/14/00

Persoa interesada: CARMELO PEREZ CABREJAS

O día 7 de xaneiro de 2015, a directora xeral de Produción Agropecuaria, ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

“ANTECEDENTES

Con data 15 de setembro de 2012 publicouse no BOE o Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios. No seu artigo 3 defínese a figura do asesor como calquera persoa que adquirira uns coñecementos axeitados e asesore sobre a xestión de pragas e o uso seguro dos produtos fitosanitarios a título profesional ou como parte dun servizo comercial, incluídos os servizos autónomos privados e de asesoramento públicos, operadores comerciais, produtores de alimentos e minoristas, no seu caso.

No artigo 12 do Real Decreto 1311/2012 establécese que terá a condición de asesor en xestión integrada de pragas quen acredite ante o órgano competente da comunidade autónoma estar en posesión de titulación habilitante, segundo o disposto no artigo 13, e que para poder exercer como asesor será necesario estar inscrito na sección “asesores” do Rexistro Oficial de Produtores e Operadores.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 43/2002, de 20 de novembro, de Sanidade Vexetal.
- Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios

A Dirección Xeral de Produción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia é o órgano administrativo competente para resolver este expediente,

segundo o artigo 14 do Decreto 132/2014, do 2 de outubro, polo que se aproba a estrutura orgánica desta consellería.

De acordo con todo o indicado e de acordo coa proposta do xefe de servizo de Sanidade e Produción Vexetal, **RESOLVO**

Autorizar a inscrición no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), na sección de asesores, a CARMELO PEREZ CABREJAS (██████████) co nº de rexistro: PO-0██████-A.

A inscrición farase por un período de 10 anos. Tres meses antes de finalizar o prazo, o interesado deberá renovar dita inscrición para o que presentará a correspondente solicitude de renovación.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, o interesado poderá interpor recurso de alzada, de conformidade cos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, no prazo dun mes, que se contará a partir da súa notificación. Transcorrido este prazo, que rematará o mesmo día ordinal que o correspondente ao día da súa notificación, sen presentarse recurso, esta resolución adquirirá firmeza na vía administrativa, sendo inmediatamente executiva de conformidade co previsto no artigo 138.3 da mesma norma xurídica.”

Mediante este documento notifícaselle esta resolución a CARMELO PEREZ CABREJAS segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En Santiago de Compostela a 14 de xaneiro de 2015

O xefe de Servizo de Sanidade e Produción Vexetal



Víctor Novo Vázquez